

# SECADEROS

Rocío Mesa, 2022

# 1118

ESTREA EN NUMAX: 05.06.2023 | V.O. | +16 | 98 min

Unha pequena vila rural é o paraíso dunha nena de cidade e a gaiola dunha adolescente local. Dúas historias paralelas que transcorren entre secadoiros de tabaco ao longo dun verán tinguido de realismo máxico.

«Opera prima prometedora que apunta a futuras maravillas.»

Carlos Loureda, FOTOGRAMAS



## Entrevista con Rocío Mesa: «Hai unha sororidade increíble entre nós»

Por Alfonso Rivera

**O teu filme comparte temática con outros dous títulos recentes, *Alcarràs* (Carla Simón, 2022) e *El agua* (Elena López Riera, 2022).** Non vin esta última, pero díxéronme que se parece moito á miña: adoro a Elena López Riera, aínda que non nos coñecemos en persoa, pero seguímonos moito. Esa conexión da que falas paréceme das cousas máis fermosas que lle pode pasar a unha xeración de creadoras. Resulta que as tres directoras rodamos o mesmo verán e ao mesmo tempo; ningunha das tres lera o guión das outras e, porén, unha en Cataluña, outra en Levante e outra en Andalucía fixemos filmes parecidos. Iso significa que estamos nun momento no que ás mulleres se nos deu voz e estaba claro que, dentro do feminino, había uns universos comúns que queríamos rodar, aínda que cada unha ten o seu propio selo autoral. Ademais, entre nós queremos e apoiámonos: cando Carla Simón gañou na Berlinale souben o que senten os fanáticos do fútbol cando a súa selección gaña a copa do mundo, porque chorei. E o mesmo cando Elena estivo en Cannes. Hai unha sororidade increíble entre nós. Síntome agradecida de que me metan nese grupo.

**Teñen algo de ti mesma as protagonistas de *Secaderos*, a nena representa a túa infancia e a moza a túa adolescencia?** Aínda que non é un filme autobiográfico, si nace de sentimentos que vivín: fun esa nena salvaxe e silvestre descubrindo dunha forma tímida a natureza, visitando a vila de meus avós, e esa adolescente que ao chegar a esa idade non lle interesa nada e non é capaz de ver esa beleza que tiñas ante os teus ollos porque había outras preguntas que che roldan a cabeza. E nesa secuencia lisérxica, que eu rodo en súper 8, ela volve ver a beleza do natural. Saíu esta historia rural psicodélica que é o que son eu: unha rapaza de vila que vive en California e lle gusta o rock and roll.

***Secaderos* posúe un ton onírico que lembra a *El espíritu de la colmena* (Víctor Erice, 1973), con crianzas vendo un mundo máxico que non perciben os adultos...** É que a nena era eu: cando vivía en La Vega de Granada e vía os enormes secadoiros de tabaco, de chopo ou ladrillo, estaba no meu imaxinario que alí vivían criaturas máxicas. De maior vin os secadoiros dunha maneira política: son pantasma arquitectónicas que nos lembran que nesa paisaxe houbo unha cultura e industria, fagocitada por unha expansión inmobiliaria que está comendo un terreo agrario que debería ser intocable. Que esteamos estragando terreos que nos dan de comer e teñamos que traer a comida de América do Sur en contedores, acabando co planeta, é moi forte. Esa visión política tamén xurdiu a criatura do filme: porque hai tamén unha forza colectiva do pobo obreiro, unha memoria histórica que para min se converte en criatura máxica, como na relixión do xintoísmo unha enerxía colectiva crea seres.

**En que te baseaches á hora de escoller os actores naturais?** O máis importante é encontrar persoas que teñan capacidade de imaxinar, esquecendo o que hai ao redor. Ademais, que se parezan aos personaxes que escribiches. E que sexan agricultores con esa linguaxe corporal, como sucede coa nai da adolescente, que leva colgando tabaco desde que era nena. Para atopar esas persoas hai que ver miles delas e para iso necesitase tempo e, sobre todo, orzamento: Carla Simón lembrou en cada entrevista que fixo *Alcarràs* porque era coprodución e tivo orzamento. Non nos pidades facer maxia, porque as milagres non existen.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Alcarràs*,  
Carla Simón.  
Avalon [DVD]

*El quicio*,  
Elisa Victoria.  
Ediciones B, 2021

*Panza de burro*,  
Andrea Abreu.  
Barrett, 2020